

**IDEGA**

Instituto Universitario de Estudos e  
Desenvolvemento de Galicia

**MEMORIA ECONÓMICA  
E DE ACTIVIDADES**

**2021**

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **IDEGA**

Avda. das Ciencias, Chalet nº 1  
Campus Vida  
15782 Santiago de Compostela  
Telf.: 881814339  
Fax: 881814383  
E-mail: [idgsec@usc.es](mailto:idgsec@usc.es)  
Web: [www.usc.es/idega](http://www.usc.es/idega)



# ÍNDICE

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL</b> .....	<b>11</b>
<b>GRUPOS DE INVESTIGACIÓN</b> .....	<b>17</b>
<b>PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN</b> .....	<b>33</b>
I. Área de economía agroalimentaria e estudos rurais.....	37
II. Área de planificación, ordenación e desenvolvemento territorial ..	39
III. Área de turismo e cultura .....	41
IV. Área de economía galega, estudos sectoriais e desenvolvemento económico .....	43
VI. Área de historia .....	44
VII. Área de demografía, mercado de traballo e economía social .....	45
VII. Apoio a estruturas de investigación .....	47
<b>PUBLICACIÓNS</b>	
I. A Economía Galega. Informe 2020-2021.....	51
II. A Economía Galega. Informe 2020-2021. Resumen Ejecutivo .....	52
III. Documentos de Trabajo IDEGA .....	53
<b>DOCENCIA</b>	
I. Programa de Doutoramento en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica .....	57
II. Máster en Planificación e Xestión Territorial .....	58
III. Máster Propio Internacional en Ordenación e Planificación do Territorio. Edición Perú.....	59
IV. Máster Propio Internacional en Ordenación e Planificación do Territorio. Edición Latinoamérica. ....	59
<b>PREMIO</b> .....	<b>61</b>
<b>PROXECCIÓN INTERNACIONAL</b> .....	<b>65</b>
<b>PUBLICACIÓNS 2021 INVESTIGADORES DO IDEGA</b> .....	<b>69</b>
<b>ORZAMENTO E BALANCE DE SITUACIÓN DO IDEGA</b> .....	<b>89</b>



# **PRESENTACIÓN**

---



## **Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia**

Directora: D<sup>a</sup>. María Dolores Riveiro García

Enderezo: Avda. das Ciencias, Chalet nº1. Campus Vida. Santiago de Compostela 15782

Teléfono: 881.814.339

Correo electrónico: idgsec@usc.es

O IDEGA é un centro da Universidade de Santiago de Compostela que ten como principal obxectivo a promoción, o desenvolvemento e a proxección da investigación básica e aplicada no ámbito das Ciencias Sociais. O seu obxecto de estudo diríxese, nun sentido amplo, aos problemas e retos do desenvolvemento económico, con especial atención á realidade de Galicia.

No contexto da investigación en ciencias sociais en Galicia, o IDEGA preséntase como un centro multidisciplinar de investigación e formación de referencia, que integra saberes e capacidades de diferentes disciplinas, o que permite incorporar as distintas dimensións -social, política, económica, empresarial, xeográfica ou cultural- que afectan ao desenvolvemento, co obxectivo último de facilitar un crecemento global sostible que elimine os desequilibrios territoriais.

Os obxectivos fundamentais das investigacións básicas e aplicadas, desenvolvidas nas liñas de investigación da área científico-técnica "Humanidades e Ciencias Sociais", priorizan o estudo integrado do desenvolvemento sostible desde unha perspectiva rexional, centrándose nos seguintes puntos:

- Realizar proxectos de investigación, asesoramento e apoio técnico nos ámbitos da súa análise.
- Contribuír á xeración e desenvolvemento de metodoloxías nos campos da Economía, Empresa, Xeografía, Socioloxía e Demografía, que permitan avanzar no coñecemento científico destas áreas.
- Facilitar aos mozos graduados a súa formación e actividade investigadora nas liñas do Instituto, para que poidan incorporarse ao actual sistema de investigación, desenvolvemento e innovación.
- Fomentar, impulsar e potenciar as relacións científicas de investigación e docencia con outros centros nacionais e internacionais.
- Publicar os resultados das súas investigacións en libros, artigos científicos e de divulgación, e presentalos a través de relatorios e comunicacións en congresos nacionais e internacionais.
- Organizar congresos, seminarios, xornadas e mesas redondas para difundir os resultados obtidos nos proxectos de investigación.

O IDEGA, desde o inicio da súa actividade no ano 1976, amosou o seu compromiso co fomento da investigación científica en Galicia, así como coa xeración de coñecemento sobre a realidade social, económica e territorial de Galicia e a difusión dos seus resultados en beneficio de toda a sociedade.

Publicacións como o informe anual sobre A Economía Galega, a coordinación de Plans Estratéxicos de desenvolvemento local e provincial, o importante número de proxectos competitivos no campo da investigación socioeconómica e territorial de Galicia, os numerosos cursos, seminarios, encontros e congresos, o importante número de investigadores mozos formados e as numerosas estadias de investigación realizadas no centro por investigadores españois e internacionais no ámbito das Ciencias Sociais sitúan ao IDEGA como principal centro de investigación socioeconómica e territorial de Galicia e en referente para a toma de decisións das institucións, públicas e privadas, que inflúen no desenvolvemento territorial nas sociedades da nosa contorna.

De cara ao futuro, o IDEGA seguirá aprofundando nos obxectivos anteriores, cunha clara preocupación pola aplicabilidade do coñecemento xerado, contribuíndo a establecer conexións entre o traballo de investigación e as decisións dos axentes sociais e económicos. Así, a realización de proxectos multidisciplinares que aborden os principais retos socioeconómicos (como a transición ecolóxica e dixital ou a dispersión e avellentamento da poboación), a difusión das investigacións mediante publicacións de alto impacto e a súa transferencia, a formación de investigadores mozos e a consolidación de redes con outros centros de investigación nacionais e internacionais son os obxectivos máis importantes. Para lograr estes obxectivos, o IDEGA aspira a consolidar os equipos de investigadores que garantan unha investigación continuada nas diferentes liñas.

### **ASPECTOS MÁIS RELEVANTES DA ACTIVIDADE DO INSTITUTO**

O estudo dos problemas do territorio e os desequilibrios territoriais, a consideración da rexión como instrumento idóneo para a promoción do espazo no que se asenta, a planificación económica e urbanística da rexión, as consecuencias do avellentamento da poboación ou as derivadas da transformación dixital e ecolóxica son, sen dúbida, cuestións que requiren que a Universidade aplique toda a súa experiencia e rigor científico para a procura de solucións. Dadas as peculiares circunstancias que Galicia presenta para o seu desenvolvemento (situación periférica, acusado envellecemento, elevadísima dispersión poboacional e fortes desequilibrios internos), resulta imprescindible a existencia dun centro universitario cunha estrutura de investigación flexible que, desde unha perspectiva transdisciplinar, e coa colaboración de diversas entidades públicas e privadas, realice esta ampla labor de investigación e estudo da realidade socioeconómica e territorial.

Para lograr os seus obxectivos, o IDEGA conta con distintas liñas de investigación teórica e aplicada, que son desenvolvidas polos case cincuenta investigadores vinculados ao instituto, cunha ampla experiencia académica, e cos que colaboran investigadores externos, persoal técnico e outros especialistas.



Como froito da intensa actividade investigadora e docente desenvolvida, o IDEGA situouse entre os centros de referencia en investigación socioeconómica, cunha importante presenza na contorna institucional e de iniciativa privada, o que lle asegura un papel fundamental no diálogo Universidade-Sociedade. A investigación realizada é altamente competitiva, con grupos de referencia capaces de promover e desenvolver proxectos, cada vez máis ambiciosos, en relación coas liñas máis innovadoras do panorama científico internacional, o que asegura un enorme potencial de crecemento a curto e medio prazo.

O IDEGA pon á disposición do público, anualmente, esta memoria descritiva das súas actividades, a cal, xunto coas súas publicacións e a súa páxina web (<https://www.usc.es/gl/institutos/idega/index.html>) permiten un mellor coñecemento do centro. Pretendemos que na Memoria se recolla unha información completa sobre o noso labor investigador e o resto de actividades que se desenvolveron ao longo do último ano. Igualmente, ofrécese información sobre as entidades e as persoas que compoñen na actualidade os seus órganos de goberno e o seu persoal permanente, así como sobre os fluxos e fondos de carácter económico-financeiro que son a contrapartida, e o soporte, da súa actividade.

## O IDEGA EN 2021

O IDEGA dispuxo dun orzamento en 2021 de 1.653.346,01 euros, un 15,5 % máis que en 2020. Este incremento procede na súa maioría dos ingresos por proxectos e cursos, que pasaron de 893.895,46 euros en 2020 a 1.094.456,57 euros en 2021. No orzamento anual de xestión-investigación, como nos exercicios anteriores, e por acordo do Consello Científico, seguen incluíndose os 86.412,67 euros de remanente retido hai anos pola USC dos fondos de investigación do IDEGA. O detalle completo das contas de ingresos e gastos do Instituto preséntanse no apartado final da Memoria Completa.

Os órganos de goberno do IDEGA celebraron as súas reunións nas seguintes datas: O Consello Científico reuniuse en dúas ocasións, o 4 de marzo e o 7 de xuño. A Xunta de Goberno reuniuse o 2 de xullo. O ano 2021 foi un exercicio especial na traxectoria do IDEGA debido á continuación da situación de pandemia iniciada no mes de marzo de 2020. Aínda así, os grupos adscritos ao IDEGA levaron a cabo 45 proxectos de investigación, o mesmo número que nos dous anos anteriores. Por grandes áreas distribuíronse da seguinte forma: Área de economía agroalimentaria e estudos rurais (6 proxectos); Área de planificación, ordenación e desenvolvemento territorial (11 proxectos); Área de turismo e cultura (8 proxectos); Área de economía galega, estudos sectoriais e desenvolvemento económico (6 proxectos); Área de historia (2 proxectos); Área de demografía, mercado de traballo e economía social (7 proxectos); Apoio a estruturas de investigación (5 proxectos). Neste conxunto de proxectos maniféstase a implicación do Instituto coas investigacións relacionadas coa pandemia, e cabe destacar dúas delas: “Elaboración do Plan Director do

Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19”, sendo a investigadora principal Lucrezia Lopez, e “Asistencia técnica para a xestión do comité socioeconómico de crise Compostela Móvese COVID-19”, onde o investigador principal é Melchor Fernández Fernández.

En canto ás publicacións, como en anos anteriores, o IDEGA realizou o Informe Anual sobre a Economía Galega 2020-21, que se publicou en formato dixital, e nas modalidades de documento completo e resumo executivo. Mantense así unha serie que se publica de xeito ininterrompido desde 1986. Na serie Documentos de Traballo do IDEGA publicáronse 4 novos números, todos na área de Análise Económica.

No eido da docencia, no IDEGA séguese a impartir o programa de doutoramento da USC en Desenvolvemento Rexional e Integración Económica. Ademais dos seminarios impartidos polos propios doutorandos, no Ciclo de Seminarios do Programa de Doutoramento DRIE realizáronse durante o ano 9 seminarios. Destacamos os 3 relacionados coa pandemia de COVID-19: “The impact of COVID-19 pandemy on tourism carrying capacity of the French Way”, impartido por Roberto Bande Ramudo; “El impacto de la COVID-19 en el perfil del peregrino”, a cargo de Dolores Riveiro García; e “Qué puede aportar la academia al ecosistema blockchain. La experiencia del proyecto DLT4ALL y la economía post-COVID”, impartido por Manuel Fernández Grela.

Igualmente no referente a docencia, no IDEGA impartíuse o Máster en Planificación e Xestión Territorial, destinado a formar especialistas en planificar e xestionar o territorio desde unha perspectiva multiescalar, abrangando espazos urbanos, rurais, periurbanos e naturais. Contempla 3 especialidades. Neste mesmo eido, impartíronse os másteres propios internacionais en Ordenación e Planificación do Territorio. Edición Perú e Edición Latinoamérica. Na súa procura por incentivar a investigación, o IDEGA convocou en 2021, conxuntamente co Consello Económico e Social de Galicia, o VIII Premio de Investigación “Valentín Paz Andrade” de investigación en economía de Galicia. Na Modalidade 1, resultou premiado o traballo “El impacto del Camino de Santiago a escala local: la percepción de los residentes de dos municipios gallegos”, do que son autores Melchor Fernández Fernández, Diana Fernández Méndez e Dolores Riveiro García, publicado na Revista Cuadernos de Turismo. Na Modalidade 2, foi premiada a tese de doutoramento de Juan Torrelles Manent, titulada “Análisis de la eficiencia de los centros especiales de empleo en Galicia: visión económico-financiera y social”.

Finalmente, no eido da proxección internacional, o IDEGA contou coa estadía de dez investigadores procedentes de universidades europeas, americanas e africanas.

De acordo coa normativa sobre a Reformulación dos Institutos Universitarios de Investigación da USC e o Regulamento de Creación e Xestión de Institutos de Investigación da USC, en 2020 o IDEGA completou as reformas esixidas para a reformulación do Instituto, e o Consello Científico, reunido o 24 de novembro de 2020, aprobou por unanimidade propoñer á Xunta de Goberno para o cargo de Directora do IDEGA a D<sup>a</sup> Dolores Riveiro García. A Directora foi nomeada o 15 de decembro de 2020, e propuxo o nomeamento como

secretaria do IDEGA de María de los Ángeles Piñeiro Antelo, con data 21 de xaneiro de 2021. Tamén foi nomeada, na reunión do Consello Científico do 4 de marzo de 2021, unha Comisión Permanente (artigo 25 do Regulamento de Rexime Interno), formada polos seguintes membros: Dolores Riveiro García (Directora), M<sup>a</sup> Angeles Piñeiro Antelo (Secretaria), Melchor Fernández Fernández, e Angel Miramontes Carballada.

Coa publicación da Memoria anual, o IDEGA mantén o seu compromiso de transparencia coa sociedade na transmisión da información e amosa a súa satisfacción por contribuír, cunha investigación de calidade, a un mellor coñecemento da realidade social e económica de Galicia e de ser un instrumento de transmisión do saber na Universidade de Santiago de Compostela.



# **ÓRGANOS DE GOBERNO E PERSOAL**

---



## XUNTA DE GOBERNO

---

Presidente: **D. Antonio López Díaz**. Reitor da Universidade de Santiago de Compostela.

**D. Vicente Pérez Muñuzuri**. Vicerreitor de Investigación e Innovación da Universidade de Santiago de Compostela.

**D<sup>a</sup>. Cecilia Sierra Rey**. Representante do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

**D. José María Arias Mosquera**. Presidente da Fundación Barrié.

**D. Pedro Otero Espinar**. Director-Xerente da Fundación Galicia Obra Social AFUNDACIÓN.

**D. Agustín Hernández Fernández de Rojas**. Presidente do Consello Económico e Social de Galicia.

**D<sup>a</sup>. María Dolores Riveiro García**. Directora do IDEGA.

**D<sup>a</sup>. María de los Angeles Piñeiro Antelo**. Secretaria do IDEGA.

**D. Edelmiro López Iglesias**. Representante do Consello de Goberno da USC.

## DIRECTORA:

---

**María Dolores Riveiro García**

## SECRETARIA:

---

**María de los Angeles Piñeiro Antelo**

## CONSELLO CIENTÍFICO

---

Ares Fernández, Juan J.  
Carmona Badía, Joam  
Fernández Fernández, Melchor  
Fernández Prieto, Lourenzo  
Lois González, Rubén C.  
Loureiro García, María L.  
Miramontes Carballada, Ángel  
Perez Fra, Maria do Mar  
Piñeiro Antelo, María de los Ángeles  
Riveiro García, María Dolores  
Solla Sineiro, Paula  
Tuñas Riveiro, María Dolores

## MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE

---

- Fernández Fernández, Melchor
- Miramontes Carballada, Ángel
- M<sup>a</sup> Angeles Piñeiro Antelo
- María Dolores Riveiro García

## INVESTIGADORES VINCULADOS

---

- |                               |                                 |
|-------------------------------|---------------------------------|
| - José Antonio Aldrey Vázquez | - Xesús Giráldez Rivero         |
| - Manel Antelo Suárez         | - Roberto Herranz González      |
| - Roberto Bande Ramudo        | - Ana Iglesias Casal            |
| - Raúl Canay Pazos            | - Daniel Lanero Táboas          |
| - Joam Carmona Badía          | - Rubén C. Lois González        |
| - Emilio Rafael Díaz Varela   | - Edelmiro López Iglesias       |
| - Isidro Dubert García        | - María Celia López Penabad     |
| - Francisco Ramón Durán Vila  | - María del Carmen López Andión |
| - María do Carme Espido Bello | - Lucrecia López                |
| - Melchor Fernández Fernández | - María L. Loureiro García      |
| - Manuel Fernández Grela      | - José Manuel Maside Sanfiz     |
| - Xoaquín Fernández Leiceaga  | - Alberto Meixide Vecino        |
| - Diana Fernández Méndez      | - Angel Miramontes Carballada   |
| - Lourenzo Fernández Prieto   | - Luisa Muñoz Abeledo           |
| - Sara Fernández López        | - Luis Otero González           |
| - Carlos Ferrás Sexto         | - Valerìa Paül Carril           |
| - Ana Isabel García Arias     | - Miguel Pazos Otón             |
| - Yolanda García Vázquez      | - Xesús Pereira López           |



- María do Mar Pérez Fra
- María José Piñeira Mantiñan
- Ángeles Piñeiro Antelo
- Juan Carlos Reboredo Nogueira
- Fernando del Río Iglesias
- Maria Dolores Riveiro García
- Jackson Renner Rodrigues Seoares
- Xosé Antón Rodríguez González
- Gonzalo Rodríguez Rodríguez
- Xosé Santos Solla
- Juan Manuel Trillo Santamaría
- Rosa Maria Verdugo Matés

## **PERSOAL INVESTIGADOR CONTRATADO**

- Paula Solla Sineiro
- Lucía Gayoso Couce
- Raúl Ríos Rodríguez
- María Aranzazu Perez Indaverea
- Yamilé Pérez Guilarte
- Francisco Xosé Armas Quintáo
- David Hervés Pardavila
- María Amparo Ferreira Golpe
- Ana Castro Atanes
- Luis Franco Vázquez
- Maricarmen Tapia Gómez
- Gustavo Hervella García
- Ángel Miramontes Carballada
- Francisco García Quiroga
- Eduardo Sánchez Llamas
- Elena Martínez Cabrera

## **ALUMNOS EN PRÁCTICAS**

- Daniel Pan Pérez, Máster en Problemas Sociales da UNED
- María Romar Gómez, Máster en Planificación e Xestión Territorial



# **GRUPOS DE INVESTIGACIÓN**

---



**ANÁLISE TERRITORIAL GI-1871*****Liñas de investigación:***

- ✓ Desenvolvemento local: Gobernanza, cooperación ao desenvolvemento, Programas europeos (Proder, Leader, Interreg).
- ✓ Medioambiente: estudos de impacto ambiental, Lugares de Interese Comunitario, riscos medioambientais, climatoloxía aplicada.
- ✓ Ordenación do territorio: Planificación estratéxica, infraestruturas, mobilidade.
- ✓ Poboación: Emigración, Xeografía Social.
- ✓ Turismo: Planificación turística, modelos de desenvolvemento turístico, turismo mariñeiro, Camiño de Santiago, Benchmarking
- ✓ Urbanismo: Planificación, estrutura urbana, Áreas de Rehabilitación Integral, renovación urbana, cascos históricos, citymarketing
- ✓ Xeografía Económica: Polígonos industriais, comercio, pesca, Xeografía industrial (automoción, madeira e téxtil).
- ✓ Cooperación internacional ao desenvolvemento. Loita contra o empobrecemento.

***Coordinador:***

Lois González, Rubén Camilo

***Investigadores e investigadores en formación:***

Armas Quintá, Francisco Xosé  
 Balsa Barreiro, José  
 Copeman, Jacob  
 Durán Villa, Francisco Ramón  
 Lopez, Lucrecia  
 Miramontes Carballada, Ángel  
 Patiño Romarís, Carlos Alberto  
 Paül Carril, Valerià  
 Pazos Otón, Miguel  
 Piñeira Mantiñán, María José  
 Piñeiro Antelo, María de los Ángeles  
 Rodríguez González, Román  
 Suárez Otero, José  
 Tapia Gómez, Maricarmen  
 Tirado Ballesteros, Juan Gabriel  
 Trillo Santamaría, José María  
 Verdugo Matés, Rosa María

Vila Vázquez, José Ignacio  
Yrigoy Cadena, Ismael  
Agrelo Janza, Luis Martín  
Barreiro Quintás, Daniel  
Boga González, Rubén  
Cidrás Fernández, Diego  
López Rodríguez, Ramón  
Otero Varela, Alejandro  
Taboada de Zúñiga Romero, Pilar  
Solla Sineiro, Paula  
Vila Lage, Roberto

**Colaboradores externos:**

López González, Alejandro, Universidad de León  
Somoza Medina, José, Universidad de León  
González Pérez, Jesús Manuel, Universitat de les Illes Balears  
Alonso Logroño, María Pilar, Universitat de Lleida  
Escudero Gómez, Luis Alfonso, Universidad de Castilla a Mancha  
Calvo Silvosa, Anxo Ramón, Universidade da Coruña  
Araujo da Silva, Onildo, Universidade Estadual de Feira de Santana UEFS  
Figueira Almeida Urbano Medonça, João Pedro, Universidade Lusíada do Porto.  
Geralda Almeida, María, Universidade de Goiania  
Fernández Fernández, Vanessa, UNED  
Franco García, María, Universidade Federal da Pariba de Brasil  
Morote Seguido, Álvaro Francisco, Universitat de Valencia  
Almeida Calheiros, Antonio, Universidade Católica Portuguesa  
Carpio Martín, José, Universidad Complutense de Madrid  
Ulloa Guitian, Luís, Agrupamento Europeu Cooperaçao Territorial Rio Minho  
Pérez Guilarte, Yamilé, Universidade da Coruña  
Mínguez García, Carmen, Universidad Complutense de Madrid

**ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E MEDIOAMBIENTAL,  
DESENVOLVEMENTO RURAL E ECONOMÍA SOCIAL GI-1899**



***Liñas de investigación:***

- ✓ Economía agroalimentaria.
- ✓ Xestión económica das explotacións agrarias.
- ✓ Estrutura e dinámica dos mercados agrarios.
- ✓ Organización e funcionamento da cadea láctea.
- ✓ Procesos de axuste estrutural na agricultura e mobilidade da terra.
- ✓ Políticas agrarias: a Política Agraria Común; distribución do apoio público á agricultura.
- ✓ Políticas de desenvolvemento rural.
- ✓ Impactos ambientais das actividades agrarias.
- ✓ Análise do cooperativismo en Galicia.
- ✓ Desenvolvemento rexional.
- ✓ O Sistema de financiamento autonómico; facendas rexionais e locais.
- ✓ Orzamento público, reformas orzamentarias, regras e transparencia fiscais.
- ✓ Cambios demográficos e consecuencias económicas.

***Coordinador:***

López Iglesias, Edelmiro

***Investigadores e investigadores en formación:***

Caamaño Alegre, José  
Castañón Llamas, Luis  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
García Arias, Ana Isabel  
Guntin Araujo, Xulia  
Pérez Fra, María do Mar  
Sineiro García, Francisco  
Valdés Paços, Bernardo  
Vázquez González, Ibán  
Ayala Carrillo, María del Rosario  
De la Torre Cuevas, Fernando  
Ferreira Golpe, Maria Amparo

García Suárez, Elena  
Iglesias Rodríguez, Noemí  
Laiño de Castro, Juan José  
Meneses Ojeda, Adlai Ademir  
Pardal Coca, Roberto  
Rocha Correa, Pedro Fiz  
Rodríguez Ferreiros, Ruth María  
Shawabkeh, Yazan Taher Abd Alwali  
Torres Martínez, Estefanía  
Toxo Asorei, Rocío  
Vilela Ferreria, Gabriel Caymmi  
Rios Rodríguez, Raúl

***Colaboradores externos:***

Arnalte Alegre, Eladio Vicente, Universidad Politécnica de Valencia  
Ceña Delgado, Felisa, Universidad de Córdoba  
Ortiz Miranda, Dionisio, Universidad Politécnica de Valencia  
Santiso Blanco, Jorge Antonio, Instituto Galego de Estatística  
Lorenzana Fernández, Roberto, Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL)  
Peón Pose, David, Universidade da Coruña  
Jacome Estrella, Hugo de Jesús, Flacso Sede Ecuador



**GRUPO DE ANÁLISE XURÍDICO-ECONÓMICA GI-2037*****Liñas de investigación:***

- ✓ Danos e responsabilidade medioambiental
- ✓ Dereito antidiscriminatorio
- ✓ Dereito civil galego
- ✓ Economía ambiental (valoración de activos ambientais, análise de políticas de incentivos e estudos metodolóxicos de valoración)
- ✓ Economía da enerxía (análise do impacto externo e análise do ciclo da vida)
- ✓ Economía dos recursos naturais (recursos agrarios, pesqueiros e forestais)
- ✓ Economía da saúde e dereito sanitario
- ✓ Seguros e responsabilidade civil
- ✓ Integración europea e globalización
- ✓ Economía dos recursos non renovables
- ✓ Análise da produtividade e eficiencia
- ✓ Economía experimental

***Coordinadora:***

Loureiro García, María Luz

***Investigadores e investigadores en formación:***

Iglesias Redondo, Julio Ignacio  
 Rodríguez González, Xosé Antón  
 Trigo García, María Belén  
 Castro Atanes, Ana  
 Coello Pulido, Pablo

***Colaboradores externos:***

Loomis, John B., Colorado State University  
 Nunes, Paulo A. L., FEEM, Fundación Eni Enrico Mattei  
 Ojea Fernández-Colmeiro, Elena, Universidade de Vigo  
 Rodolfo Nayga, Jr., University of Arkansas  
 Bradshaw Bradshaw, Richard, University of Liverpool  
 Lavandeira Villot, Xabier, Universidade de Vigo  
 Barrio Martínez, Melina, Universidad de Alcalá de Henares

## GRUPO DE ANÁLISE E MODELIZACIÓN ECONÓMICA GI-1883



IDEGA  
Avda. das Ciencias, Chafes nº 1  
Campus Universitario Sur  
15702 Santiago de Compostela

Tel: +34 981 59 11 00 / +34 981 59 31 00, ext: 14339 Fax: +34 981 59 90 35

### ***Liñas de investigación:***

- ✓ Economía laboral
- ✓ Economía da saúde
- ✓ Avaliación socioeconómica
- ✓ Contabilidade social
- ✓ Análise Input-Output
- ✓ Integración Económica
- ✓ Economía Internacional

### ***Coordinador:***

Fernández Fernández, Melchor

### ***Investigadores e investigadores en formación:***

Ares Fernández, Juan José  
Bande Ramudo, Roberto  
Fernández Castro, María Belén  
Fernández Grela, Manuel  
Fernández Méndez, Diana  
Herranz González, Roberto  
Pereira López, Xesús  
Rey Araujo, Pedro María  
Rey Suárez, Pedro María  
Riveiro García, María Dolores  
García Méndez, María Cristina  
Gayoso Couce, Lucía  
Moreno Holguin, Harold  
Ruiz Herrera, Freddy Jesús  
Sánchez Choez, Napoleón Guillermo  
Sarmiento González, Rita Manuela  
Vilariño López, María del Carmen  
Tuñas Riveiro, María Dolores

**Colaboradores externos:**

Flores Mallo, Manuel Fernando, Universitat Internacional de Catalunya  
Montuenga Gómez, Víctor Manuel, Universidad de Zaragoza  
Manrique de Lara Peñate, Casiano, Universidad de Las Palmas de Gran  
Canaria  
Destefanis, Sergio, U. degli Studi di Salerno  
Capasso, Salvatore, University of Naples, Parthenope  
Robles Teigeiro, Luis, Universidad de Málaga  
Li Bonilla, Federico, Universidad Estatal a Distancia de Costa Rica  
Pena Boquete, Yolanda, AYeconomics  
Zuñiga Zapata, Ana Crisitina, Corporación Universitaria Lasallista, Colombia  
Da Costa Pereira, Raquel Susana, ISCAP-Instituto Superior de Contabilidade  
e Administração do Porto.  
Carrascal Incera, André, Universidade de Oviedo  
Lazovski Bakhirev, Oleg, Investigador/Consultor Turismo

**GRUPO DE ESTUDOS DE HISTORIA EMPRESARIAL E SECTORIAL.  
PESCA, INDUSTRIA E COMERCIO GI-1170**

---

***Liñas de investigación:***

- ✓ Historia e economía da pesca e da construción naval.
- ✓ Relacións económicas internacionais.
- ✓ Historia industrial.
- ✓ Historia da empresa.
- ✓ Historia do traballo.
- ✓ Patrimonio industrial e marítimo.

***Coordinador:***

Giráldez Rivero, Jesús

***Investigadores e investigadores en formación:***

Carmona Badía, Joam  
Dios Vicente, Adrián  
Espido Bello, María del Carmen  
Muñoz Abeledo, Luisa  
Soto Fernández, David  
Varela Vázquez, Pedro  
De Francisco Mantiñan, Carlos  
Hernández Soto, Gonzalo  
Leal Bóveda, José María

***Colaborador externo:***

Otero Eiriz, Claudio, Xunta de Galicia

**GRUPO DE HISTORIA AGRARIA E POLÍTICA DO MUNDO RURAL.  
SÉCULOS XIX E XX. GI-1657**



***Liñas de investigación:***

- ✓ Historia das sociedades rurais contemporáneas. Paisaxes, agroecoloxía e manexos.
- ✓ Transformacións na agricultura atlántica de pequena explotación: propiedade, política agraria e medio ambiente.
- ✓ Cambio tecnolóxico e sistemas de innovación: Agricultura orgánica, revolución verde e sustentabilidade.
- ✓ Propiedade comunal, política forestal contemporánea e procesos de despoboamento en Galicia.
- ✓ Construción da cidadanía e democratización no mundo rural contemporáneo.
- ✓ O mundo rural no período franquista: política, economía e cambio social
- ✓ Historia e memoria do S. XX. Políticas da memoria.
- ✓ Clientelismo político, liberalismo e democracia
- ✓ Institucións locais

***Coordinador:***

Fernandez Prieto, Lourenzo

***Investigadores e investigadores en formación:***

Artiaga Rego, Maria Aurora  
 Balboa Lopez, Jesus Leopoldo  
 Barca, Stefania  
 Barral Martinez, Margarita  
 Baz Vicente, Maria Jesus  
 Benitez Trinidad, Carlos  
 Cabana Iglesia, Ana  
 Cabo Villaverde, Miguel  
 Díaz Geada, Alba  
 Ferrández Pérez, Daniela  
 Lanero Táboas, Daniel  
 Leira Castiñeira, Francisco Jorge  
 Lopez Rodriguez, Maria Pilar

Miguez Macho, Antonio  
Rico Boquete, Eduardo  
Veiga Alonso, Jose Ramón  
Villares Paz, Ramón  
Antelo Alvite, Xurxo  
Buxeiro Alonso, Xabier  
Carballo Gende, Enrique  
Cidras Fuentes, Aldara  
Fontán Bestilleiro, David  
Lopez Fernandez, Tamara  
Morgade Valcárcel, Iria  
Nogueira Castro, Jessica  
Otero Rodríguez, Telmo  
Rivas Fiel, Andrea  
Román Lago, Isidro  
Sanfiz Arias, Roque  
Shawki-Aziz Gómez, Yashmina María  
Hervella García, Gustavo

***Colaboradores externos:***

Gurriarán Rodríguez, Ricardo, Doutor en Historia Contemporánea  
Picado Umaña, Wilson, Universidad Nacional (Heredia, Costa Rica)  
Carbajo Vázquez, Judith, Doutora en Historia Contemporánea  
Gonçalves Pedro Moreira Da Silva, Pedro Gabriel, Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro  
Conde Gómez, Diego, TRAGSATEC  
Freire Cedeira, Araceli, Doutora en Historia Contemporánea  
Jorge Pereira, Natalia, Concello de Tomiño  
González Remuiñán, Alberto, Doutor en Historia Contemporánea  
Rosende Gonzalez, Silvia, Investigadora  
Tomé Urresti, Irene, Investigadora  
Seixas Seoane, Miguel Anxo, Doutor en Historia Contemporánea  
Corbacho González, Beatriz, Doutora en Historia Contemporánea  
Barca, Stefania, Universidade de Coimbra  
Esperante Paramos, Bruno, Doutor en Historia  
Ferrandez Pérez, Daniela, Doutora en Historia  
Eiros García, Carlota, Investigadora Externa  
Barra, Vincenzo, Università Telematica Pegaso (Nápoles)  
Carballo Gende, Enrique, Xornalista  
Martín Nieto, Isaac, Universidad de Salamanca  
García Ferreira, Rafael, Doutor en Historia Contemporánea  
López Sánchez, Concepción, Doutora en Historia Contemporánea

**GRUPO DE VALORACIÓN FINANCEIRA APLICADA GI-1866*****Liñas de investigación:***

- ✓ Simulación aplicada a finanzas.
- ✓ Xestión de entidades de capital de risco.
- ✓ Análises de viabilidade de negocios.
- ✓ Xestión de compañías de seguros
- ✓ Capital de risco e spinoff universitario.
- ✓ Análises de alternativas innovadoras de financiación.
- ✓ Análise e xestión do risco financeiro
- ✓ Análise do mercado de valores
- ✓ O mercado inmobiliario. Financiación da actividade inmobiliaria

***Coordinador:***

Otero Gonzalez, Luis Alberto

***Investigadores e investigadores en formación:***

Duran Santomil, Pablo  
 Feas Vázquez, Jacobo  
 Fernandez Fernández, M<sup>a</sup> Loreto  
 Fernandez Lopez, Sara  
 Garrido Ruso, Maria  
 Iglesias Casal, Ana  
 Lado Sestayo, Ruben  
 Lopez Andion, M<sup>a</sup> Del Carmen  
 Lopez Penabad, Maria Celia  
 Maside Sanfiz, Jose Manuel  
 Neira Gómez, Maria Isabel  
 Portela Maseda, Marta  
 Rodeiro Pazos, David  
 Rodríguez Gil, Luis Ignacio  
 Rodríguez Sandiás, Alfonso

Vivel Bua, Maria Milagros  
Zapata Huamani, Guillermo Andres  
Atrio Lema, Yago  
Chávez Charro, José Mauricio  
Lombardero Fernández, Pablo Crisanto  
Maarouf, Darine  
Mahsa, Samsami  
Marques Corrales, Cristian  
Quiñonez Mosquera, Guillermo Alejandro

***Colaboradores externos:***

Iturralde Jainaga, Txomin, Universidad del País Vasco. Bilbao  
da Cruz Domingues, Nuno Miguel, Escola Superior de Tecnologia e Gestão (ESTG) do Instituto Politécnico de Viana do Castelo (IPVC)  
De Matos Ferreira, Joao Jose, Universidade de Beira Interior  
Merigó Lindhal, Jose María, Universidade de Chile  
Rocha Armada, Manuel, Universidade de Minho  
Rey Ares, Lucia, Universidade de A Coruña  
Rodríguez Gulias, María Jesús, Universidade de A Coruña  
Leite, Paulo, School of Management, Polytechnic Institute of Cávado and Ave  
Mahsa, Samsami, University of Santiago de Compostela



**GRUPO DE ECONOMÍA PESQUEIRA E RECURSOS NATURAIS GI-1175**

***Liñas de investigación:***

- ✓ Economía pesqueira
- ✓ Economía Forestal
- ✓ Economía de Galiza
- ✓ Economía e estudos de xénero
- ✓ Economía dos Recursos Naturais

***Coordinador:***

Rodríguez Rodríguez, Gonzalo

***Investigadores e investigadores en formación:***

Ferreiro Seoane, Francisco Jesus  
Martinez Ballesteros, Víctor Hugo  
Campoamor Sanchez, Liduvina Lazara  
Martinez Cabrera, Elena  
Sanchez Llamas, Eduardo

***Colaboradora externa:***

De Oliveira Falcón, María Lucía, Universidad Federal de Sergipe



# **PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN**

---



**Líñas xerais da evolución da investigación do IDEGA nos últimos anos**





Gráfico 3: Distribución dos proxectos por áreas, 2021





Gráfico 4: Evolución dos ingresos por investigación, 2010 - 2021



## I. ÁREA DE ECONOMÍA AGROALIMENTARIA E ESTUDOS RURAIS.

**1. *Convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a USC para a elaboración da propostas do Plan Estratéxico da PAC (Política Agraria Común) en Galicia Horizonte 2030***

Convenio de colaboración financiado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**2. *Apoio técnico para a definición dunha posición común das comunidades da Cornixa Cantábrica sobre as diferentes medidas da PAC 2023-2027***

Proxecto de investigación financiado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**3. *Eo Alimenta (Fundación Daniel y Nina Carasso-2020)***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Delegación de la Fondation de France en España.

**Investigador principal:** Lorenzo Fernández Prieto, Departamento de Historia/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**4. *Colaboración no proxecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Rede Innovación Arousa.

**Investigador principal:** Lorenzo Fernández Prieto, Departamento de Historia/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**5. *Estudo sobre a determinación dos prezos de indemnización en granxas de visóns***

Proxecto de investigación financiado pola Consellería do Medio Rural.

**Investigadores principais:** Ana Isabel García Arias e Iban Vázquez González, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

- 6. *Sustainable Hub to engage into Rural Policies with actors (SHERPA)***  
Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

***Investigador principal:*** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.



## II. ÁREA DE PLANIFICACIÓN, ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERRITORIAL

1. ***Estudo de figuras de financiamento e de cooperación territorial no novo marco financeiro europeo reforzado para 2021-2027***  
 Convenio de colaboración financiado pola Deputación de Pontevedra.  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
2. ***Asesoramento na planificación e estruturación dos contidos do Eixo 'A Estrada para todos (integración social)' do proxecto A Estrada Social e Sostible (AESS) 2020***  
 Convenio de colaboración financiado polo Concello da Estrada.  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
3. ***Informe de caracterización socioeconómica do Val do Miño na contorna do encoro de Castrelo de Miño***  
 Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.  
***Investigadora principal:*** María de los Ángeles Piñeiro Antelo, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.
  
4. ***Informe de caracterización socioeconómica da comarca da Limia***  
 Proxecto de investigación financiado polo Grupo de Desenvolvemento Rural Limia Arnoia GDR 10.  
***Investigadora principal:*** María de los Ángeles Piñeiro Antelo, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
5. ***Asistencia técnica na redacción do Plan básico municipal do Concello de Triacastela***  
 Contrato financiado pola UTE González Somoza-Fiz Seixo Vázquez-David Río González-Javier González López.  
***Investigador principal:*** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**6. Informe do marco político e do marco xeográfico e demográfico no mapa municipal europeo, español e galego.**

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**7. El problema de la vivienda en las metrópolis fragmentadas españolas. Permanencia en el tiempo, nuevos mercados de la vivienda y alternativas desde las políticas públicas - RETOS 2019**

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**8. Asesoramento aos concellos na preparación da solicitude e do plan de dinamización das Áreas Rex-Urbe**

Convenio de colaboración financiado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**9. Collective approach of research and innovation for sustainable development in Highland. HIGHLANDS.3**

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

**Investigador principal:** Valerià Paül Carril, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**10. MAPAS DIVERTIDOS. Achegando á xeografía aos máis novos**

Proxecto de investigación financiado polo Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**11. Análise e diagnóstico territorial da área suroriental da provincia de Ourense**

Contrato financiado por Carmen Mazaira Castro.

**Investigador principal:** Angel Miramontes Carballada, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

### III. ÁREA DE TURISMO E CULTURA

**1. *Establishment of a Yucatan-cuba network of MA programmes in contemporary art and culture management (YUCUNET)***

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

**Investigador principal:** Federico Antonio Lopez Silvestre, Departamento da Historia da Arte, Universidade de Santiago de Compostela.

**2. *Elaboración do Plan Director do Turismo de Galicia fronte aos efectos da COVID-19***

Proxecto de investigación financiado pola Asociación Cluster Empresarial de Turismo de Galicia.

**Investigadora principal:** Lucrezia López, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**3. *Transformaciones del turismo cultural y sostenibilidad inteligente en áreas urbanas europeas***

Proxecto de investigación financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**4. *Informe sobre a carecterización do Camiño Francés en Galicia***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.

**Investigador principal:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**5. *¿Son todos os visitantes equivalentes? Unha estimación do impacto económico do Xacobeo 21 en Galicia, España e Portugal***

Proxecto de investigación financiado pola Universidade de Santiago de Compostela.

**Investigador principal:** Xesús Pereira López, Departamento de Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**6. *Colaboración na elaboración do Plan de Sostibilidade Turística Camiño Francés en Galicia***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega

**Investigador principal:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**7. *Informe de caracterización socioeconómica e turístico da área suroriental de Ourense***

Proxecto de investigación financiado pola Fundación Juana de Vega.

**Investigadora principal:** María de los Ángeles Piñeiro Antelo, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**8. *Religion and its others in South Asia and the world: Communities, debates, freedoms (ROSA)***

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

**Investigador principal:** Jacob Copeman, Universidade de Santiago Compostela.

## IV. ÁREA DE ECONOMÍA GALEGA, ESTUDOS SECTORIAIS E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

1. ***Realización de estudos dirixidos á análise e coñecemento da evolución da economía galega***  
 Convenio de colaboración financiado pola Fundación Galicia Obra Social (Afundación).  
***Investigador principal:*** Juan Jose Ares Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
2. ***A knowledge alliance for Blockchain in academic, entrepreneurial and investment training (DLT4ALL)***  
 Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.  
***Investigador principal:*** Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
3. ***Development of a Master Programme in the Management of Industrial Entrepreneurship for Transition Countries/MIETIC***  
 Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.  
***Investigador principal:*** Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
4. ***Taboas Input-Output da pesca galega 2019***  
 Convenio de colaboración financiado pola Consellería do Mar.  
***Investigador principal:*** Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.
  
5. ***Impacto económico para a flota palangreira de superficie galega da prohibición do Finning***  
 Convenio de colaboración financiado pola Consellería do Mar.  
***Investigador principal:*** Gonzalo Rodríguez Rodríguez, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**6. Valoración da empresa Teatrace**

Contrato financiado por Familia Montes Orozco S.L.

**Investigador principal:** Luís Otero González, Departamento de Economía Financeira e Contabilidade/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

## VI. ÁREA DE HISTORIA

---

**1. Director da colección “Contamos a nosa historia” e edición do libro “celtas, castrexos e romanos”**

Contrato financiado por Edicións Xerais.

**Investigador principal:** Isidro Dubert García, Departamento de Xeografía e Historia/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**2. Actuacións dentro do plan cuadrienal de memoria democrática en Galicia 2021**

Convenio de colaboración financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Investigador principal:** Lorenzo Fernández Prieto, Departamento de Historia/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

## VII. ÁREA DE DEMOGRAFÍA, MERCADO DE TRABAJO E ECONOMÍA SOCIAL

**1. *NUTRIAGE-I. Soluciones avanzadas para un envejecimiento saludable a través de la nutrición en el marco de la Euroregión Galicia-Norte de Portugal***

Proxecto de investigación financiado pola Comisión Europea.

**Investigador principal:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**2. *Convenio para a xestión do Comité Socioeconómico entro do programa Compostela Móvese 2021***

Convenio de colaboración financiado polo Concello de Santiago de Compostela.

**Investigadora principal:** María Dolores Riveiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**3. *Asistencia técnica para a elaboración dun índice sintético municipal para a análise e desenvolvemento das actuacións do Proxecto Piloto Talento Interxeracional***

Convenio de colaboración financiado pola Consellería de Política Social.

**Investigadores principais:** María Dolores Riveiro García e Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**4. *Estudo demográfico de ocupación do parque residencial edificado, análise e a súa relación coas actividades económicas, así como a percepción por parte dos cidadáns das mesmas no ámbito do Plan Especial de Protección do sitio de Interese Histórico das Fontes das Burgas e do Conxunto de Interese Histórico da cidade de Ourense***

Proxecto de investigación financiado polo Concello de Ourense.

**Investigador principal:** José Antonio Aldrey Vázquez, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**5. *Asistencia técnica para a xestión do comité socioeconómico de crise Compostela Móvese 2020 COVID-19***

Convenio de colaboración financiado polo Concello de Santiago de Compostela.

**Investigador principal:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**6. *Asistencia técnica para a avaliación económica da formación a desempregados***

Convenio de colaboración financiado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

**Investigadores principais:** Melchor Fernández Fernández e Manuel Fernández Grela, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**7. *Xeografía Humana das mulleres maiores de 65 anos que sofren violencia de xénero***

Proxecto de investigación financiado pola Universidade de Santiago de Compostela

**Investigador principal:** Carlos Ferrás Sexto, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.



## VII. APOIO A ESTRUTURAS DE INVESTIGACIÓN

**1. Consolidación e estruturación 2021. GRC GI-1883 Grupo de Análise e Modelización Económica (GAME)**

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Investigador principal:** Melchor Fernández Fernández, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**2. Consolidación e estruturación 2020. GRC GI-1899 Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (ECOAGRASOC)**

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Investigador principal:** Edelmiro López Iglesias, Departamento de Economía Aplicada/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**3. Consolidación e estruturación 2020. GPC GI-2037 Grupo de Análise Xurídico-Económica (ECO-IURIS)**

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Investigadora principal:** María L. Loureiro García, Departamento de Fundamentos da Análise Económica/IDEGA, Universidade de Santiago de Compostela.

**4. Consolidación e estruturación 2020. GRC GI-1871 Análise Territorial**

Proxecto de investigación financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**Investigador principal:** Rubén Camilo Lois González, Departamento de Xeografía/IDEGA, Universidade de Santiago Compostela.

**5. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a Universidade de Santiago de Compostela para completar as axudas ao Persoal Investigador Principal dos Programas Grant do Consello Europeo de Investigación**

Convenio de colaboración financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

**Investigador principal:** Jacob Copeman, Universidade de Santiago Compostela.



# **PUBLICACIONES**

---



## I. A ECONOMÍA GALEGA. INFORME 2020-2021


